



# CADERNOS

DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO

**As políticas de austeridade  
e a reforma laboral provocan  
un intolerable retroceso na igualdade**

*Cadernos do S. N. de CCOO de Galicia*

*As políticas de austeridade e a reforma laboral  
provocan un intolerable retroceso na igualdade  
Marzo de 2014*



**XUNTA DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Elaboración: Secretaría da Muller e Gabinete Económico

## ÍNDICE

Presentación .....	5
Introdución.....	7
A poboación activa .....	7
O emprego .....	9
Contratos rexistrados.....	18
O desemprego .....	19
Fenda salarial .....	24
Pobreza ou exclusión social das mulleres .....	25
Conclusións .....	26



Se temos que lle poñer un nome á actual situación das mulleres no mercado de traballo e na sociedade é, sen dúbida, «retroceso».

As políticas dos Gobernos autonómico e estatal están abandonando a necesaria atención á igualdade. Nesta sociedade aínda tan desigual, con violencia estrutural e discriminacións continuas, se non se establecen políticas permanentes de promoción e defensa da igualdade, se non se fornecen de recursos para programas de empregabilidade ou de toma de conciencia canto á corresponsabilidade, o resultado é un retroceso.

Se amais da inacción se establecen medidas e leis contrarias á liberdade e ás posibilidades de emancipación das mulleres, entón topámonos, coma arestora, coa tormenta perfecta.

A valoración triunfalista que o Goberno do Estado fai dos datos da EPA do cuarto trimestre do 2013 e os discursos e consignas de recuperación que envían os poderes económicos e políticos non poden agachar a dura realidade do desemprego e a precariedade, que empurra familias e persoas ao bordo da pobreza e conforma unha sociedade cada vez máis inxusta e desigual.

Esta realidade é máis evidente ao analizarmos os datos de emprego, desemprego e salarios das mulleres galegas.

No ano 2013 destrúese emprego feminino en Galicia por quinto ano consecutivo. Desde 2009 pérdense 52.300 postos de traballo ocupados por mulleres e só no último ano 18.300, o que se traduce nunha caída de case o 4% no ano.

A cifra de paradas é intolerable: son 132.200 no 2013. O peor é que hai case 74.000 paradas de longa duración, é dicir, máis da metade das mulleres desempregadas.

A situación das que teñen emprego tampouco é moi alentadora. Cada vez hai máis mulleres traballando a xornada parcial —no 2013 xa son o 23% das ocupadas— e na maioría dos casos non é precisamente unha opción persoal pois o 63% das mulleres manifestaron que están ocupadas a xornada parcial porque non puideron atopar un traballo a xornada completa.

Por outra banda, a contratación indefinida no 2013 foi case marxinal —só o 5% dos contratos iniciais rexistrados—, o que perpetúa a elevada rotación entre o emprego e o paro da maioría das mulleres con contrato eventual.

Velaí os datos que revelan as consecuencias da reforma laboral do Goberno do Partido Popular.

O traballo precario, o peso significativo das mulleres na xornada parcial e a intensa deterioración das condicións laborais das que aínda manteñen un emprego repercuten de xeito significativo no salario das mulleres. E, como é obvio, uns salarios máis baixos van ligados a unhas prestacións máis cativas e a un benestar social moi minguado.

Este é o resultado dun modelo económico e social asentado na ideoloxía conservadora, neoliberal e retrógrada que nos goberna e que pretende eliminar os avances en igualdade longamente pelexados e conseguidos polas mulleres. Avances da igualdade no emprego, na formación, no acceso a responsabilidades políticas e económicas, que agora, sumando todos os factores en xogo, están claramente en retroceso.

Podemos acusar este Goberno de misoxinia pola aprobación dunha lei educativa que fomenta a segregación e abandona a coeducación como elemento básico para modificar unha realidade desigual. Por un anteproxecto de lei que elimina o dereito das mulleres a decidiren sobre a propia maternidade. Por unha reforma laboral cun evidente contido discriminatorio. Por un retroceso pola vía dos feitos nas políticas de igualdade que, xunto con medidas como os recortes en servizos públicos e en gasto social de atención á dependencia, educación Infantil e outros servizos de coidado, expulsan as mulleres do emprego.

Temos a obriga de sacudir conciencias, de cambiar mentalidades e realidades retrógradas, que son elementos comúns do pensamento crítico e emancipador e, polo tanto, tamén do sindicalismo e do feminismo. Por iso temos que poñer a mirada naqueles aspectos da desigualdade que a corrente ideolóxica que nos goberna quere disfrazar para que pasen inadvertidos.

Estas políticas de retroceso chocan de face cos estudos que sosteñen que unha maior participación da muller na actividade pode impulsar o ritmo de crecemento do PIB, elevando o crecemento potencial e compensando a caída da poboación activa. Os expertos conclúen que a participación de calidade das mulleres no mercado laboral forma parte da necesaria ecuación do crecemento, da produtividade e da estabilidade.

Temos que manter na axenda pública as discriminacións de xénero e a violencia contra as mulleres, porque o que non se ve nin se nomea, non se cambia; e debemos facelo porque é unha cuestión de xustiza e equidade pero tamén co convencemento de que as sociedades han contar co capital de formación e capacidade das mulleres.

A desigualdade en todas as ordes —económica, de clase e de xénero— está marcando este período da historia. Dende o Sindicato Nacional de CCOO de Galicia seguiremos loitando por outro modelo de desenvolvemento que propicie unha sociedade realmente democrática, na que un valor fundamental é o valor da igualdade, como garantía de futuro.

## INTRODUCCIÓN

Este documento tenta aproximarse á realidade laboral das mulleres en Galicia baseándose en variables como a actividade, o emprego, o desemprego, os salarios e a cohesión social. As fontes estatísticas utilizadas son as seguintes:

- A enquisa de poboación activa (EPA) e a súa explotación para Galicia que realizan o Instituto Galego de Estatística (IGE) e o Instituto Nacional de Estatística (INE). Con esta fonte analizamos a poboación activa, o emprego e o desemprego.
- Os rexistros dos servizos públicos de emprego dependentes da Consellaría de Traballo e Benestar. A información consultámola no Instituto Galego de Estatística (IGE) coa finalidade de analizar os contratos iniciais rexistrados no 2013.
- A enquisa de estrutura salarial. Con esa fonte analizamos os salarios e extraemos a información do Instituto Nacional de Estatística (INE).
- A enquisa de condicións de vida das familias facilítanos a taxa de risco de pobreza ou de exclusión social e a información aparece no Instituto Galego de Estatística (IGE).

## A POBOACIÓN ACTIVA

A poboación activa é o número de persoas de 16 e máis anos (idade legal mínima para traballar) que teñen emprego ou o buscan de forma activa; é, polo tanto, a suma das persoas ocupadas e as desempregadas.

**Cadro n.º1. POBOACIÓN ACTIVA SEGUNDO O SEXO**

	MULLERES	HOMES	TOTAL
2009	604.800	712.500	1.317.400
2010	597.300	703.600	1.300.900
2011	611.400	699.800	1.311.200
2012	614.300	695.800	1.310.200
2013	602.600	677.600	1.280.200

FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA. Medias anuais

Entre 2009 e 2012, a poboación activa masculina minguou ano a ano, mentres que as mulleres seguiron participando activamente no mercado laboral. Nese período, a poboación activa feminina medra ao redor dun 2%, o que equivale a 9.500 mulleres máis, ata acadar 614.300 activas, a cifra máis elevada dende que existen estatísticas.

Porén, no 2013 cambia a tendencia e as mulleres tamén comezan a abandonar o mercado laboral. O número de activas baixou en 11.700 nun só ano, un descenso do 1,9% e o de homes perdeu 18.200 activos, unha redución do 2,6%.

A caída da poboación activa feminina foi significativa porque o número de activas quedou moi por debaixo dos niveis de 2011. A falta de expectativas de atopar un emprego e o aumento do número de mulleres que marchan do país na súa procura están entre as razóns que poden explicar esa mingua das mulleres activas.

A poboación activa feminina resentiuse menos que a masculina pero, aínda así, a brecha de xénero tradúcese nunha diferenza de 75.000 homes activos máis sobre o total de mulleres activas. Dito doutro xeito, por cada 100 homes activos no 2013, só hai 89 mulleres activas.

A seguir analizamos a evolución da poboación activa feminina con outro indicador, a taxa de actividade (cociente entre a poboación activa e a poboación en idade legal de traballar). Os datos recóllense no cadro 2.

**Cadro n.º2. TAXA DE ACTIVIDADE SEGUNDO O SEXO**

	MULLERES	HOMES	TOTAL
2009	48,5%	62,5%	55,2%
2010	48,0%	61,8%	54,6%
2011	49,2%	61,7%	55,2%
2012	49,7%	61,6%	55,4%
2013	49,1%	60,6%	54,6%

FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA. Medias anuais

A diferenza entre a taxa de actividade das mulleres e a dos homes foise acurtando nos últimos anos pero, con todo, a brecha de xénero é de case 12 puntos: a taxa de actividade no 2013 é do 49,1% nas mulleres e do 60,6% nos homes.

Ao desagregar esas taxas en grandes grupos de idade (ver o cadro 3), constátase que taxa de actividade masculina é superior á feminina en todos os grupos e, sobre todo, nas persoas maiores de 25 anos. No tramo de idade dos 16 aos 24 anos participan no mercado laboral o 36,9% dos mozos fronte ao 33,3% das mozas, pero a fenda de xénero no tramo de 25 a 54 anos e no de 55 e máis anos sobe ata case os nove puntos.



**Cadro n.º3. TAXA DE ACTIVIDADE SEGUNDO O SEXO E GRANDES GRUPOS DE IDADE**

	MULLERES	HOMES	TOTAL
De 16 a 24 anos	33,3%	36,9%	35,1%
De 25 a 54 anos	81,3%	90,2%	85,7%
De 55 e máis anos	15,9%	24,7%	19,8%
<b>TOTAL</b>	<b>49,1%</b>	<b>60,6%</b>	<b>54,6%</b>

FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA. Ano 2013

As taxas de actividade femininas máis altas rexístranse entre os 25 e os 54 anos; nese tramo é do 81,3%. Pola contra, as taxas máis baixas danse nos grupos de idade extremos: entre 55 e máis anos (polo atraso histórico na súa incorporación ao traballo fóra do fogar) e entre os 16 e 24 anos (pola prolongación da etapa formativa).

## O EMPREGO

A seguinte variable de estudo é a poboación ocupada, que se define como «aquelas persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia estiveron traballando polo menos unha hora, a cambio dunha retribución (salario, xornal, beneficio empresarial, etcétera) en diñeiro ou en especie. Tamén son ocupadas as persoas que, tendo traballo, estiveron temporalmente ausentes por enfermidade, vacacións, etc. pero mantendo un forte vínculo con aquel».

**Cadro n.º 4. POBOACIÓN OCUPADA SEGUNDO O SEXO**

	MULLERES	HOMES	TOTAL
2009	522.700	628.700	1.151.400
2010	499.900	600.800	1.100.700
2011	499.500	583.400	1.083.000
2012	488.700	550.700	1.039.400
2013	470.400	527.300	997.600

FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA. Medias anuais

O ano 2013 foi pésimo en materia de emprego, outro máis caracterizado pola forte perda de emprego feminino e pola intensa deterioración das condicións laborais das que aínda o manteñen.

No último ano pérdense 18.300 empregos femininos en Galicia, unha caída do 3,7%. O peor é que este mal dato dá continuidade a un inacabado proceso de destrución de emprego, xa que nos últimos catro anos se perderon 52.300 empregos ocupados por mulleres, que equivalen a un descenso do 10%.

A perda de emprego afecta tanto a homes como a mulleres pero con intensidade distinta. Nos catro últimos anos desapareceron arredor de 153.800 empregos; a

maioría, o 66% exactamente, eran postos de traballo ocupados por homes e un 34% por mulleres.

O que explica esta diferente dinámica do emprego é a concentración dos efectos da crise, na súa fase inicial, en dous sectores fortemente masculinizados: a construción e a industria.

No último ano a perda de emprego segue sendo maior para os homes que para as mulleres, pero a distribución xa non é tan desigual: 18.300 ocupadas menos fronte a 23.400 ocupados menos.

### *Ocupación das mulleres por sector de actividade*

A seguir, estudamos a incidencia da destrución do emprego feminino nos catro grandes sectores de actividade. No cadro 5 plásmase a variación da poboación ocupada feminina segundo o sector desde o ano 2009 ata o 2013.

**Cadro n.º 5. EMPREGO FEMININO POR SECTOR**

	PRIMARIO	INDUSTRIA	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS	TOTAL
2009	37.400	52.800	8.800	423.600	522.700
2010	35.800	46.600	8.200	409.200	499.900
2011	36.400	48.600	6.900	407.600	499.500
2012	34.900	48.300	6.300	399.200	488.700
2013	30.500	44.900	3.500	391.500	470.400

FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA. Medias anuais

O sector dos servizos, con 391.500 ocupadas —concentra o 83% da ocupación feminina—, foi o que mellor resistiu na fase inicial da crise, pero a partir do 2009 tamén comezou a diminuír nel a ocupación feminina. Nos catro últimos anos destruíronse 32.100 postos de traballo ocupados por mulleres e, destes, 7.700 no último ano, un descenso do 2% no ano.

O segundo sector con máis ocupadas é a industria: 44.900 no 2013. A perda de emprego industrial é moi preocupante porque desde o ano 2009 desaparecieron 7.900 postos de traballo, o 15% dos existentes. A evolución da ocupación nas mulleres non foi homoxénea no período analizado. A maior perda de postos de traballo deuse en 2010, cando 6.200 mulleres perderon o seu emprego. O ano 2011 dá un pequeno respiro e parálzase a tendencia negativa pero, de aí en diante, continúa a caída do emprego industrial. Concretamente, no ano 2013 hai 3.400 ocupadas menos que en 2012, o que supón un descenso do 7%.

A poboación ocupada feminina no sector primario tamén segue unha tendencia á baixa pois diminúe nun 18% nos catro últimos anos, o que en cifras absolutas im-

plica uns 6.900 empregos menos. O emprego feminino no sector primario acada o seu volume mínimo de ocupación no ano 2013, con 30.500 mulleres ocupadas, que só representan o 6% do emprego feminino.

A presenza feminina na construción é case marxinal porque en 2013 o sector só dá ocupación a 3.500 mulleres, que non acadan o 1% sobre o total da ocupación feminina. Nos últimos catro anos desapareceron 5.300 empregos na construción e só no último ano 2.800, o que parece indicar que a destrución do emprego neste sector aínda non tocou fondo.

En síntese, no último ano pérdense 2.800 postos de traballo ocupados por mulleres na construción (un 44 % de descenso); 4.400 no sector primario (un 13 %); 3.400 na industria (un 7 %) e, por último, hai 7.700 ocupadas menos nos servizos (un 2 %).

### *A ocupación das mulleres por rama de actividade*

Na evolución da poboación ocupada por ramas de actividade, centrámonos nas ramas dos servizos e da industria, nas que as mulleres teñen maior presenza. Neste caso, iniciamos a análise no ano 2010 porque só dispoñemos de información estatística para o período 2010-2013.

**Cadro n.º 6. EMPREGO FEMININO SEGUNDO RAMA DE ACTIVIDADE**

	2010	2011	2012	2013
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	31.900	32.200	30.400	25.700
Pesca e acuicultura	4.000	4.200	4.500	4.800
Industria da alimentación, bebidas e tabaco	19.000	19.700	19.500	17.600
Industria do téxtil, coiro e do calzado	10.800	9.500	9.000	10.000
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	1.200	1.300	900	800
Industria do papel, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	1.100	700	1.000	1.000
Industrias extractivas, refinación de petróleo, fabricación de produtos farmacéuticos, de caucho e plásticos, doutros produtos minerais non metálicos, de produtos metálicos, metalurxia, enerxía, gas e auga	7.300	8.800	8.200	6.400
Fabricación de maquinaria, material eléctrico, material de transporte e industrias manufactureiras diversas	7.100	8.600	9.700	9.200
Construción	8.200	6.900	6.300	3.500
Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	2.500	2.400	2.700	2.700
Comercio por xunto e polo miúdo	90.700	89.900	87.800	84.100
Transporte e almacenamento	8.600	9.400	9.600	8.400
Hostalaría	41.800	41.400	39.900	42.600
Información, comunicacións, activ. artísticas, recreativas e de entretemento	16.200	13.000	13.300	15.300
Actividades financeiras e de seguros	10.900	8.800	9.600	10.700
Actividades inmobiliarias, administrativas e servizos auxiliares	27.000	27.100	23.800	24.700
Actividades profesionais, científicas e técnicas	21.100	22.800	21.900	18.900
Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria	30.900	28.900	28.100	28.500
Educación	43.900	49.100	45.900	42.600
Actividades sanitarias e de servizos sociais	63.700	64.400	62.400	58.100
Outros servizos	51.800	50.400	54.200	54.800

FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA. Medias anuais

As mulleres están ocupadas mormente nos servizos e de xeito significativo nas ramas do comercio, actividades sanitarias e servizos sociais, outros servizos, educación e hostalaría.

Das doce ramas analizadas nos servizos, en cinco recórtase emprego feminino no último ano. Na rama de actividades profesionais, científicas e técnicas perdéronse 3.000 postos de traballo (o 13,7%), no transporte e almacenamento 1.200 (o 12,5%), en educación 3.300 (o 7,2%), na rama de actividades sanitarias e servizos sociais 4.300 (o 6,9%) e no comercio 3.700 (o 4,2%).

Se ampliamos a análise aos tres últimos anos, as ramas máis prexudicadas son as seguintes: actividades profesionais, científicas e técnicas; actividades sanitarias e de servizos sociais; actividades inmobiliarias, administrativas e servizos auxiliares; a relacionada coa Administración pública; e a do comercio.

É moi salientable, entre os anos 2011 e 2013, a forte caída do emprego en sanidade, educación e servizos sociais, que pon de manifesto a deterioración e os recortes nos servizos públicos: menos emprego está en relación directa con menores e peores servizos.

As ramas industriais con máis mulleres ocupadas son a de alimentación, bebidas e tabaco; a rama do téxtil, coiro e do calzado; e a industria manufactureira. En 2013, o 82% do emprego industrial feminino se encadra nestas tres ramas.

No 2013 pérdese emprego en todas as ramas industrias agás na do téxtil, o coiro e o calzado, que gaña 1.000 ocupadas máis, e na industria do papel, artes gráficas e reprodución de soportes gravados, na que permanece estancada a ocupación feminina. Entre as ramas máis danadas están a da industria extractiva (1.800 ocupadas menos) e a rama da alimentación, bebidas e tabaco que conta con 1.900 ocupadas menos.

### *A ocupación das mulleres segundo a situación profesional*

Na desagregación da ocupación feminina pola situación profesional, compróbase que o 80% das mulleres ocupadas están contratadas por conta allea: son 378.300 no 2013.

O emprego asalariado feminino mantivo unha progresión positiva ata o ano 2009, cando se alcanzou a cifra máis alta de mulleres asalariadas: 417.700. Porén, nos catro últimos anos perderon o seu emprego 39.400 mulleres asalariadas; é dicir, o ritmo de caída é do 9% con respecto á cifra de 2009.

A maior destrución de emprego asalariado feminino dáse no ano 2010: pérdense 15.300 empregos, unha caída do 4% anual. Aínda que en 2011 se frea esa perda de emprego (cae nun 0,2%), en 2012 retómase con forza: contabilízanse 12.200 asalariadas menos no 2012 e 11.100 no 2013; ambas as caídas son do 3%.

**Cadro n.º 7. EMPREGO POR SITUACIÓN PROFESIONAL**

	ASALARIADAS	EMPRESARIAS/ COOPERATIVISMO	AXUDAS FAMILIARES, OUTRAS SITUACIÓNS	TOTAL
2009	417.700	98.600	6.400	522.700
2010	402.400	91.500	6.100	499.900
2011	401.600	92.600	5.300	499.500
2012	389.400	95.300	4.000	488.700
2013	378.300	88.800	3.300	470.400

FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA. Medias anuais

O emprego por conta propia nas mulleres non evoluciona de forma homoxénea no período analizado. No ano 2010 pérdese moito emprego por conta propia: 7.100 ocupadas menos, un 7%. A partir dese ano muda a tendencia e comeza a crearse emprego neto ata o ano 2012; nese período créanse 3.800 empregos. Porén, no 2013 colle forza a destrución de emprego e desaparecen 6.500 postos de traballo, unha caída do 7%.

Este dato tan significativo evidencia as dificultades para pór en marcha proxectos empresariais e de autoemprego.

### *A ocupación das mulleres segundo o tipo de xornada*

A distribución do emprego a tempo parcial por sexos é moi desigual: no 2013, o 76% das persoas ocupadas neste tipo de xornada son mulleres.

Un dos indicadores máis evidentes da deterioración do mercado laboral galego é o pulo do emprego a tempo parcial nas mulleres, mentres retrocede de xeito acusado a xornada a tempo completo. Velaí un dos efectos perversos da reforma laboral.

**Cadro n.º 8. OCUPACIÓN FEMININA SEGUNDO O TIPO DE XORNADA**

	XORNADA PARCIAL	XORNADA COMPLETA	TOTAL
2009	101.000	421.700	522.700
2010	100.000	399.800	499.900
2011	101.400	398.200	499.500
2012	103.100	385.600	488.700
2013	110.400	360.000	470.400

FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA. Medias anuais

Cada vez máis mulleres traballan a xornada parcial e é maior o seu peso relativo no mercado laboral. No 2013 traballaban 110.400 mulleres a xornada parcial, o 23% das ocupadas (en 2009, esa porcentaxe era do 19%).

O número mulleres ocupadas a xornada parcial aumentou en 7.300 só no último ano e en 9.400 desde o 2009. Pola contra, destruíronse 25.600 empregos a xornada completa no 2013, cifra que sobe ata os 61.700 nos últimos catro anos.

O emprego a xornada parcial debería ser unha opción persoal, e non algo imposto polo empregador ou pola falta doutras opcións. No cadro 9 desagregáanse os motivos da xornada parcial por sexos; os datos analizados corresponden ao ano 2013.

**Cadro n.º 9. POBOACIÓN OCUPADA A TEMPO PARCIAL POR MOTIVO E SEXO**

	MULLERES	HOMES
Seguir cursos de ensinanza ou formación	3.600	1.800
Enfermidade ou incapacidade propia	600	900
Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores	12.900	500
Outras obrigas familiares ou persoais	5.900	1.000
Non atopar un traballo de xornada completa	69.300	23.800
Non querer un traballo de xornada completa	9.200	1.800
Outras razóns	8.500	4.900
Non sabe o motivo	300	100
<b>TOTAL</b>	<b>110.400</b>	<b>35.000</b>

FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA. Datos correspondentes ao ano 2013

Segundo se ve no cadro, 69.300 mulleres manifestaron que están ocupadas a xornada parcial porque non atoparon un traballo a xornada completa, son o 63% das ocupadas nese tipo de xornada. Esa porcentaxe nos homes é do 68%.

O seguinte motivo máis manifestado polas mulleres para acollérense a este tipo de xornada é o coidado de menores ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores: son 12.900 mulleres no 2013, o 12% das ocupadas a xornada parcial. No caso dos homes, só expresan este motivo o 1%.

### *O emprego asalariado feminino no sector privado*

A poboación asalariada feminina no sector privado empezou a descender a partir do ano 2009. O recorte do emprego afecta máis ás traballadoras temporais que ás indefinidas: hai 15.200 asalariadas temporais menos fronte a 14.200 asalariadas indefinidas menos que en 2009, o que en proporción supón unha caída do 17% e do 6%, respectivamente.

O número de asalariadas con contrato temporal vén diminuíndo decontino desde o ano 2009. Pola súa vez, a cifra máis alta de asalariadas cun contrato indefinido rexistrouse en 2009 con 225.200, e, de aí en diante, comeza a resentirse, aínda que logra manterse por riba dos niveis de 2008.

**Cadro n.º 10. EMPREGO ASALARIADO FEMININO NO SECTOR PRIVADO**

	INDEFINIDO	TEMPORAL	TOTAL
2009	225.200	87.700	312.900
2010	211.100	81.400	292.500
2011	212.200	80.200	292.400
2012	210.200	76.800	287.000
2013	211.000	72.500	283.500

FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA. Medias anuais

Se a análise se centra só no último ano, obsérvase que o emprego neto destruído foi temporal. Hai 4.300 mulleres menos cun contrato temporal (case un 6% de descenso) e 800 máis con contrato indefinido (unha cativa suba do 0,4%).

### *O emprego asalariado feminino no sector público*

Ao contrario do que ocorre no sector privado, no público hai máis mulleres asalariadas ca homes; a cifra máis alta acadouse no ano 2010 con 109.800 mulleres, que baixa ata as 94.800 en 2013.

**Cadro n.º 11. EMPREGO ASALARIADO FEMININO NO SECTOR PÚBLICO**

	INDEFINIDO	TEMPORAL	TOTAL
2009	70.600	34.200	104.800
2010	77.800	32.100	109.800
2011	79.900	29.300	109.200
2012	79.200	23.100	102.400
2013	75.800	19.100	94.800

FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA. Medias anuais

Daquela, o emprego feminino no sector público xa vén diminuíndo desde hai tres anos. En 2011, o axuste comezou só no emprego temporal pero, de aí en diante, ese recorte tamén recae sobre o emprego indefinido.

Desde 2010, ano en que comeza a perda de emprego no sector público, o emprego temporal reduciuse un 40% e o indefinido arredor dun 3%. En cifras absolutas, hai 13.000 asalariadas temporais menos e 2.000 indefinidas menos.

No ano 2012 destruíronse 6.800 empregos públicos entre as mulleres. Pero no 2013 aínda foi peor porque o perderon 7.600, o que equivale a unha caída do 7%. Isto, como xa se dixo, garda relación directa cos recortes e o empeoramento na prestación de servizos por parte das administracións públicas.

Así pois, no último ano, o número de asalariadas cun contrato fixo reduciuse un 4% (3.400 menos) e o temporal un 17% (4.000 menos).

Das 94.800 mulleres que traballaban no sector público de Galicia no 2013, a maioría, 69.000, fano na Administración autonómica; outras 12.800 están na local e 7.100 encádranse na Administración central.

**Cadro n.º 12. ASALARIADAS DO SECTOR PÚBLICO POR TIPO DE ADMINISTRACIÓN**

	2010	2011	2012	2013
Administración central	9.100	9.100	9.600	7.100
Admón. Seguridade Social	2.700	1.400	1.500	2.400
Admón. comunidade autónoma	78.500	81.600	75.000	69.000
Admón. local	17.400	14.100	13.200	12.800
Empresas públicas e institucións financeiras públicas	2.100	2.600	2.300	3.200
Outro tipo	100	200	700	300
Non sabe	—	200	100	—
<b>TOTAL</b>	<b>109.800</b>	<b>109.200</b>	<b>102.400</b>	<b>94.800</b>

FORNTE: Elaboración propia sobre datos da EPA. Medias anuais

Ao tomar como referencia o período 2010-2013, vese que a perda de emprego afecta a todas as administracións agás a relacionada coas empresas públicas e institucións financeiras públicas, que conta con 1.100 empregadas máis que en 2010. Pola contra, a Administración máis danada é a local cunha redución do 26% (4.600 asalariadas menos), séguese a central cun descenso do 22% (2.000 asalariadas menos) e a autonómica cunha redución de emprego do 12% (9.500 asalariadas menos).

Como xa se dixo, no último ano intensificouse o ritmo de destrución do emprego público nas mulleres; pérdense o 7% dos empregos que había en 2012, que en cifras absolutas son 7.600 asalariadas menos. Na Administración central hai 2.500 asalariadas menos (un 26% de descenso), na autonómica son 6.000 menos (un 8%) e na local hai 400 menos (un 3%).

Esta redución de emprego público é un indicador preciso da dureza dos axustes orzamentarios, dos recortes e a deterioración dos servizos públicos fundamentais como a sanidade, a educación ou a protección social.



En números absolutos, o descenso máis acusado dáse nas Administracións autonómica e local, onde se concentra a maioría de empregos tradicionalmente femininos, na sanidade, a educación e os servizos sociais.

### *A taxa de temporalidade por sexo e sector*

A taxa de temporalidade das mulleres supera a dos homes tanto no sector privado coma no público. A maior diferenza entre ambas dáse no sector público.

Recollemos no cadro 13 a evolución da taxa de temporalidade por sexo e para os sectores público e privado.

**Cadro n.º 13. EVOLUCIÓN DA TAXA DE TEMPORALIDADE**

	SECTOR PRIVADO		SECTOR PÚBLICO		TOTAL	
	MULLERES	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES	HOMES
2009	28,0%	25,5%	32,6%	20,8%	29,2%	24,6%
2010	27,8%	23,5%	29,2%	17,4%	28,2%	22,4%
2011	27,4%	23,7%	26,8%	17,2%	27,3%	22,5%
2012	26,8%	22,2%	22,6%	15,2%	25,7%	20,8%
2013	25,6%	23,3%	20,1%	15,1%	24,2%	21,6%

FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA. Medias anuais

No 2013, a taxa de temporalidade no sector público é do 20,1% nas mulleres e do 15,1% nos homes, é dicir, unha diferenza de cinco puntos. No sector privado, constátase unha brecha de xénero na contratación temporal de 2,3 puntos (25,6% mulleres, 23,3% homes).

Desde o ano 2009, a taxa de temporalidade nas mulleres tendeu á baixa tanto no sector privado coma no público: 2,4 puntos no sector privado e en 12,5 puntos no público.

No último ano diminúe a taxa de temporalidade das mulleres en 1,5 puntos, cunha distribución desigual entre o sector público e o privado: no público baixa en 2,5 puntos e no privado, 1,2 puntos.

O descenso desta taxa explícase porque se destrúe máis emprego temporal que indefinido, pero non porque mellore a estabilidade no emprego.

Podemos concluír, polo tanto, que as mulleres soportan maior eventualidade no emprego ca os homes, tanto no sector privado coma no público.

## CONTRATOS REXISTRADOS

Fronte á idea dominante da dereita de que en España, e, polo tanto, en Galicia, o mercado laboral é ríxido e que as empresas teñen medo a contratar, as cifras reais demostran todo o contrario. En Galicia formalízanse moitos contratos, demasiados en realidade, pero a inmensa maioría, son temporais de moi curta duración.

As mulleres galegas, en especial as que teñen un contrato temporal, están sometidas a unha intensa rotación laboral entre o emprego eventual e o paro, entre o centro de traballo e a oficina do servizo público de emprego.

Neste apartado analízase a distribución dos contratos iniciais rexistrados por sexo, modalidade e tipo de xornada no 2013. Os datos proceden da Consellería de Traballo e Benestar e poden consultarse na páxina do Instituto Galego de Estatística.

Segundo se reflicte no cadro 14, no ano 2013 rexistráronse 322.990 contratos laborais para as mulleres nas oficinas públicas de Galicia. Porén, só o 4,7% foron de carácter indefinido; xa que logo, o 95,3% da contratación inicial foi temporal ou precaria.

**Cadro n.º 14. CONTRATOS INICIAIS REXISTRADOS SEGUNDO A MODALIDADE**

MODALIDADE	MULLERES	HOMES	TOTAL
Indefinido ordinario e fomento do emprego	15.020	16.174	31.194
De obra ou servizo	101.833	153.976	255.809
Eventual por circunstancias da produción	144.456	149.315	293.771
Interinidade	51.616	22.023	73.639
En prácticas	1.475	1.263	2.738
Para a formación	4.205	4.150	8.355
Outros	4.385	14.616	19.001
<b>TOTAL CONTRATOS INICIAIS REXISTRADOS</b>	<b>322.990</b>	<b>361.517</b>	<b>684.507</b>

FONTE: Elaboración propia sobre datos do IGE. Ano 2013

Esa contratación precaria baséase no uso e o abuso de tres modalidades contractuais: o contrato de obra ou servizo, o eventual por circunstancias da produción e o de interinidade.

Ao contrario, os contratos formativos, destinados a integrar a mocidade para que adquira experiencia, apenas existen porque só son o 1% do total da contratación.

Hai que recordar que a reforma laboral imposta pola Goberno do PP tiña como un dos seus obxectivos formais combater a inestabilidade laboral e potenciar a estabilidade no emprego. Pois ben, os datos reais do que sucede no mercado de laboral galego desmenten de forma rotunda este discurso, porque en 2013 a precariedade máis absoluta segue dominando a contratación das mulleres traballadoras.

No cadro 15 recóllese a contratación inicial rexistrada no ano 2013 segundo o tipo de xornada e o sexo.

**Cadro n.º 15. CONTRATOS LABORAIS REXISTRADOS SEGUNDO A XORNADA**

SEGUNDO O TIPO DE XORNADA	MULLERES	HOMES	TOTAL
A tempo completo	163.755	265.936	429.691
A tempo parcial	158.215	93.310	251.525
Fixos descontinuos	1.020	2.271	3.291
<b>TOTAL CONTRATOS INICIAIS REXISTRADOS</b>	<b>322.990</b>	<b>361.517</b>	<b>684.507</b>

FONTE: Elaboración propia sobre datos do IGE. Ano 2013

A distribución da contratación a tempo parcial por sexo é moi desigual. No ano 2013 rexistráronse 251.525 contratos iniciais a tempo parcial e o 63% foron asinados por mulleres; en cifras absolutas son 158.215 contratos.

A contratación a xornada parcial nas mulleres é moi alta pero, ademais, ten un gran peso sobre o total da contratación feminina: no ano 2013, os contratos a xornada parcial nas mulleres xa equivalen ao 49% da contratación inicial rexistrada nas mulleres.

## O DESEMPREGO

A poboación parada constitúena as persoas de 16 ou máis anos que están sen traballo, dispoñibles para traballar e buscando activamente emprego. Considéranse tamén persoas paradas as que atoparon un emprego e están á espera de incorporarse a el de forma máis ou menos inmediata.

No cadro 16 recollemos a evolución da poboación parada por sexos.

**Cadro n.º 16. POBOACIÓN PARADA POR SEXOS**

	MULLERES	HOMES	TOTAL
2009	82.100	83.800	165.900
2010	97.400	102.900	200.300
2011	111.800	116.400	228.300
2012	125.600	145.100	270.700
2013	132.200	150.400	282.600

FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA. Medias anuais

No ano 2013 había 282.600 persoas desempregadas en Galicia: 150.400 homes e 132.200 mulleres. Nunca, dende que existen estatísticas, houbo tanto desemprego no noso país.

Ata o ano 2008 había máis mulleres paradas ca homes. De aí en diante ocorre o contrario: en só catro anos, o paro feminino medrou nun 61% e o masculino fíxoo nun 79%.

O número de desempregadas aumentou seguido no período analizado; son 50.100 paradas máis que en 2009 e 6.600 máis que no 2012, o que equivale a unha suba do 5% no ano.

A consecuencia máis negativa da crise do emprego é unha taxa de paro que acadou niveis inaceptables nunha sociedade democrática, equilibrada e xusta socialmente.

A taxa de paro, que só proporciona a EPA, calcúlase como a porcentaxe entre as persoas en paro e o total da poboación activa. Os datos recóllense no cadro 17.

Cadro n.º 17. TAXA DE PARO SEGUNDO O SEXO

	MULLERES	HOMES	TOTAL
2009	13,6	11,8	12,6
2010	16,3	14,6	15,4
2011	18,3	16,6	17,4
2012	20,4	20,9	20,7
2013	21,9	22,2	22,1

FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA. Medias anuais

A taxa de paro feminina foi superior á masculina ata o 2011 e, de aí en diante, acontece o contrario. No 2013, as taxas son similares: 21,9% nas mulleres e 22,2% nos homes.

A taxa de paro disparouse en case 10 puntos desde o ano 2009: nas mulleres fíxoo arredor de 8 puntos e nos homes, ao pé de 10 puntos.

### *O desemprego nas mulleres por idades*

Na desagregación do paro por grandes grupos de idade, conséntase que as desempregadas menores de 25 anos son 16.600 no 2013 e representan o 13% do total de paradas. Isto proba os atrancos que topan as máis novas para conseguir un posto de traballo.

En catro anos, hai 2.500 mozas desempregadas máis, o que equivale a unha suba do 18%. O maior aumento dáse no 2012, ao aumentaren en 3.600 nun só ano, o 26% das paradas que había no ano anterior. Ese ano alcanzouse a cifra máis elevada de desempregadas: 17.400. Ao ano seguinte, rexístranse 800 paradas menos, o que equivale a unha redución que non chega ao 5% no ano.

**Cadro n.º 18. EVOLUCIÓN DO PARO FEMININO POR GRUPOS DE IDADE**

	16 A 24 ANOS	25 A 54 ANOS	55 E MÁIS ANOS	TOTAL
2009	14.100	62.100	5.900	82.100
2010	15.300	75.100	7.000	97.400
2011	13.800	89.000	9.100	111.800
2012	17.400	97.600	10.600	125.600
2013	16.600	104.200	11.500	132.200

FORTE: Elaboración propia sobre datos da EPA. Medias anuais

O desemprego aumentou decontino entre as mulleres de 25 a 54 anos no período analizado, ata sumar 104.200 no 2013. Son 42.100 paradas máis que no 2009, un 68% de incremento, e 6.600 máis que no 2012, un 7%.

O colectivo máis prexudicado é o das mulleres de 55 e máis anos: son 11.500 desempregadas no 2013. Nese tramo de idade, o desemprego multiplica case por dous o de hai catro anos e no último ano sobe un 8%, 900 paradas máis. Este colectivo, cos criterios de discriminación por idade e sexo que dominan a cultura de recursos humanos nas empresas, terán unha enorme dificultade para volver ter un emprego.

A seguir analizamos a distribución da taxa de paro feminina segundo grupos de idade. Os datos corresponden ao ano 2013.

**Cadro n.º 19. TAXA DE PARO NAS MULLERES POR GRUPOS DE IDADE**

GRUPOS DE IDADE	NÚMERO DE DESEMPREGADAS	TAXA DE PARO
De 16 a 24 anos	16.600	49,1
De 25 a 54 anos	104.200	21,5
De 55 e máis anos	11.500	13,6
<b>TOTAL</b>	<b>132.200</b>	<b>21,9</b>

FORTE: Elaboración propia sobre datos da EPA. Ano 2013

A taxa de paro distribúese de xeito moi dispar entre os diferentes grupos de idade: nas mozas menores de 25 anos é do 49,1% no 2013, nas de 25 a 54 anos é do 21,5% e nas de 55 e máis anos é do 13,6%.

Daquela, a taxa de paro das máis novas duplica a das mulleres de entre 25 e 54 anos e supón máis do triplo das que teñen 55 e máis anos. As consecuencias son alarmantes porque case a metade das mozas activas están desempregadas.

A taxa de paro baixa a medida que sobe a franxa de idade e alcanza o seu mínimo no tramo de 55 e máis anos, cun 13,6%. Pero este dato non debe agochar a durísima realidade destas mulleres porque é probable que moitas delas non volvan traballar nunca.

### *O desemprego nas mulleres segundo o nivel de formación*

O desemprego afecta a todas as mulleres con independencia dos seus estudos, pero constátase que a taxa de paro é máis baixa nos niveis de formación máis altos. Para sustentar a análise tómanse como referencia os datos correspondente ao ano 2013.

**Cadro n.º 20. DESEMPREGO SEGUNDO O NIVEL DE FORMACIÓN ALCANZADO**

NIVEL DE FORMACIÓN	N.º DESEMPREGADAS	TAXA DE PARO
Sen estudos	100	38,4
Estudios primarios	10.600	24,3
Educación secundaria. Primeira etapa	49.200	26,3
Educación secundaria. Segunda etapa	28.900	23,1
Educación superior	43.400	17,6
<b>Total</b>	<b>132.200</b>	<b>21,9</b>

FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA. Ano 2013

No ano 2013, o único colectivo cunha taxa de paro por baixo da media é o das mulleres con educación superior: o 17,6%. Ségueno moi de lonxe o das que cursaron educación secundaria de segunda etapa cunha taxa de paro do 23,1%.

No extremo contrario (excluíndo as paradas sen estudos porque non é unha cifra significativa) estarían as mulleres cun nivel de formación máis baixo: as que cursaron educación secundaria de primeira etapa soportan unha taxa de paro do 26,3% e as que só teñen estudos primarios unha do 24,3%.

### *Desempregadas por tempo de busca de emprego*

A situación das persoas en desemprego agrávase a medida que se prolonga e, por desgraza, a maioría das mulleres desempregadas en Galicia xa son paradas de longa duración.

Considérase que unha persoa é parada de longa duración cando leva un ano ou máis nesa situación. Esta categoría é moi relevante porque existe evidencia contrastada de que tal circunstancia pon en grave risco a persoa que a sofre. En primeiro lugar, porque conforme se prolonga o desemprego, a protección perde calidade e contía económica ata que remata, deixando a persoa en situación de desprotección; pero, sobre todo, porque existe unha relación directa e proporcional entre a permanencia no desemprego e a probabilidade de atopar un novo emprego: canto máis tempo se está en paro, máis difícil é volver traballar.

As razóns do anterior son moitas, e van desde a descualificación polos cambios que se producen nas empresas, ata a falta de motivación persoal, pasando pola perda da rede de contactos que facilitan atopar emprego.

Por iso a situación do paro en Galicia atendendo a este criterio é moi preocupante.

**Cadro n.º 21. TEMPO DE BUSCA DE EMPREGO DAS DESEMPREGADAS**

Tempo de busca de emprego	2010	2011	2012	2013
Menos dun mes	5.700	6.200	5.600	5.100
Dun mes a menos de tres meses	14.000	14.800	15.000	13.300
De tres meses a menos de seis meses	13.000	14.000	14.000	13.800
De seis meses a menos dun ano	19.600	17.000	22.100	20.000
Dun ano a un ano e medio	13.000	14.300	14.200	14.300
Dun ano e medio a menos de dous	8.000	11.600	11.800	13.100
Dous ou máis anos	19.300	28.400	37.300	46.300
Xa atopou traballo	4.900	5.600	5.600	6.300
<b>TOTAL</b>	<b>97.400</b>	<b>111.800</b>	<b>125.600</b>	<b>132.200</b>

FORTE: Elaboración propia sobre datos da EPA. Medias anuais

No ano 2013, había de 73.700 paradas de longa duración en Galicia; o 56% do total de desempregadas. O peor é que o colectivo máis numeroso é precisamente o das mulleres que levan dous ou máis anos desempregadas: son 46.300 no 2013.

No extremo contrario están as 5.100 mulleres que levan buscando emprego menos dun mes, o que evidencia o forte fluxo de entrada na situación de desemprego, que se corresponde tanto coa perda de emprego por despedimentos como coa finalización de contratos temporais. Tamén é relevante o número de mulleres paradas que levan inscritas entre un mes e menos de seis meses: son 27.100 no 2013. Polo tanto, sumando eses dous grupos, compróbase que o 24% das desempregadas levan menos de seis meses buscando emprego.

A situación das 20.000 mulleres que levan paradas entre seis meses e menos dun ano tamén é complicada: se son beneficiarias de prestacións contributivas por desemprego, é a partir do sexto mes cando mingua considerablemente a contía percibida.

Ao comparar a distribución das paradas polo tempo de busca de emprego no ano 2013 coa do ano 2010 reflíctese que o número de paradas de longa duración medrou con forza e, sobre todo, o das que levan dous ou máis anos desempregadas. En só tres anos hai 33.400 paradas de longa duración máis; delas, 27.000 levan no paro dous anos ou máis.

**FENDA SALARIAL**

No ano 2011, os homes gañaron en media 5.090 euros máis ca as mulleres. Esa diferenza indica que o salario das mulleres é o 77 % do salario dos homes; dito doutro xeito, o salario masculino equivale ao 129 % do salario feminino.

O cadro 22 amosa a ganancia media por traballador/a correspondente aos anos 2008 e 2011 (último dispoñible). Os datos tíranse da enquisa de estrutura salarial.

**Cadro n.º 22. GANANCIA MEDIA ANUAL POR TRABALLADOR/A**

	2008	2011
Ambos os sexos	19.156,41	19.970,29
Mulleres	16.646,42	17.291,96
Homes	21.105,60	22.381,85
Diferenza salarial home-muller	4.459,18	5.089,89
(Salario home/salario muller) * 100	126,79	129,44

FONTE: Elaboración propia con datos da Enquisa de estrutura salarial 2011. INE

Entre 2008 e 2011, a brecha salarial aumentou de 4.459 euros a 5.090 euros; é a proba de que a crise está ancheando a desigualdade salarial entre mulleres e homes.

O salario medio non é o mesmo en todos os sectores de actividade, e a distribución do emprego por sexos tamén é moi diferente nos distintos sectores de actividade. Esa é unha das razóns que explican a diferenza de remuneración entre homes e mulleres.

A seguir reflíctese a ganancia media por traballador/a e sexo e o sector de actividade, correspondente ao ano 2011. No cadro non aparece a ganancia media das mulleres na construción porque a mostra é moi reducida e pode estar suxeita a gran variabilidade.

**Cadro n.º 23. GANANCIA MEDIA ANUAL POR SEXO E SECTOR DE ACTIVIDADE**

	MULLERES	HOMES	AMBOS OS SEXOS
Industria	16.721,99	24.422,21	22.137,19
Construción	—	19.770,25	19.849,28
Servizos	17.302,39	22.196,50	19.388,34
Todos os sectores de actividade	17.291,96	22.381,85	19.970,29

FONTE: Elaboración propia con datos da Enquisa de estrutura salarial 2011. INE

Como xa se dixo, a presenza dos homes e das mulleres nos sectores de actividade non é homoxénea. Na construción e na industria hai máis homes ca mulleres e nos servizos acontece o contrario.



Tomando como referencia os datos do cadro 23, que só aparecen desagregados por sexos para o sector da industria e dos servizos, vese que, precisamente, nos servizos (concentran arredor do 80% das ocupadas) a remuneración é moito máis baixa ca na industria.

### *POBREZA OU EXCLUSIÓN SOCIAL DAS MULLERES*

A poboación en risco de pobreza ou exclusión social alcanza a case unha de cada catro persoas en Galicia. Así pois, segundo os datos do Instituto Galego de Estatística da taxa de risco de pobreza ou exclusión social (en base á Estratexia Europea 2020) no ano 2012 o 23,58% da poboación galega estaba en risco de pobreza ou exclusión social fronte ao 22,05% do ano anterior. A seguir desagrégase a taxa de risco de pobreza ou exclusión social por sexo e grupos de idade para os anos 2011 e 2012.

**Cadro n.º 24. TAXA RISCO DE POBREZA OU EXCLUSIÓN SOCIAL  
(ESTRATEGIA EUROPEA 2020) POR SEXO E IDADE**

	2011	2012
<b>MULLERES</b>	<b>22,16</b>	<b>23,76</b>
Menos de 16 anos	23,24	27,39
De 16 a 24 anos	30,73	32,11
De 25 a 49 anos	21,62	24,44
De 50 a 64 anos	25,64	27,22
De 65 ou máis anos	17,05	15,92
<b>HOMES</b>	<b>21,94</b>	<b>23,39</b>
Menos de 16 anos	24,65	27,31
De 16 a 24 anos	28,84	31,29
De 25 a 49 anos	21,29	23,85
De 50 a 64 anos	25,24	26,01
De 65 ou máis anos	14,89	13,73
<b>TOTAL</b>	<b>22,05</b>	<b>23,58</b>
Menos de 16 anos	23,96	27,35
De 16 a 24 anos	29,76	31,69
De 25 a 49 anos	21,45	24,14
De 50 a 64 anos	25,45	26,63
De 65 ou máis anos	16,15	15,00

FONTE: Elaboración propia con datos da Enquisa de condicións de vida das familias. IGE

En Galicia, no ano 2012, o risco de pobreza ou exclusión social é lixeiramente máis alto nas mulleres ca nos homes: 23,76% nas mulleres, 23,39% nos homes. Tamén hai máis mulleres ca homes expostas a esa situación en todos os tramos de idade.

En comparación co 2011, o risco de pobreza ou exclusión social aumentou con máis intensidade nas mulleres: 1,6 puntos nelas e 1,45 puntos neles.

No caso das mulleres, o incremento máis acusado dáse nas menores de 16 anos, pois pasan do 23,24% no 2011 ao 27,39% no 2012, catro puntos máis. O colectivo máis exposto á situación mencionada é o das mulleres de entre 16 e 24 anos, cun 32,11% no 2012.

## CONCLUSIÓN

O ano 2013 foi pésimo en materia de emprego para as mulleres galegas, outro máis marcado pola perda de emprego e pola intensa deterioración das condicións laborais das que aínda o manteñen.

Por quinto ano consecutivo destrúese emprego feminino en Galicia. Hai 52.300 ocupadas menos que en 2009 e 18.300 menos que en 2012, o que se traduce nunha caída do 4% nun só ano.

En comparación co 2012, hai 11.100 mulleres menos que traballan por conta allea, un 3% de redución. A destrución do emprego bateu con máis forza no sector público que no privado: 3.500 asalariadas menos no privado fronte a 7.600 no público.

O emprego feminino no sector público leva tres anos diminuindo, pero no 2013 esa diminución intensificouse, cae un 7%. Na Administración central hai 2.500 asalariadas menos, na autonómica son 6.000 menos e na local 400 menos. É evidente que os recortes e a deterioración dos servizos públicos teñen un forte impacto no emprego público.

O emprego temporal é o máis prexudicado tanto no sector público como no privado: 4.000 asalariadas menos no público e 4.300 no privado; en proporción é unha caída do 17% e do 6%, respectivamente. Pola súa parte, o indefinido cae un 4% no sector público, o que implica a perda de 3.400 postos de traballo, e no privado medrou nun cativo 0,4%.

Xa hai 132.200 desempregadas en Galicia; isto tradúcese nunha taxa de paro do 21,9%. O dato é demoledor pero, de non diminuír a poboación activa, o desemprego estaría moi por riba desa cifra.

Esa situación agrávase drasticamente coas 74.000 paradas de longa duración, é dicir, máis da metade das mulleres desempregadas. O peor de todo é que 46.300 xa levan dous ou máis anos no paro, polo que conforman un colectivo moi numeroso e con risco de caer na exclusión social.

As mulleres participaron no mercado laboral de xeito significativo ata o ano 2012, cando se alcanzou a cifra máis elevada de activas: 614.300. Porén, no 2013 prodúcese un cambio de tendencia e abandonan o mercado laboral 11.700 mulleres, un descenso de case o 2%. A falta de expectativas de atopar un emprego e o aumento do número de mulleres que marchan do país na súa procura están entre as razóns que poden explicar esa mingua da poboación activa feminina.

A situación das mulleres que aínda manteñen un emprego tampouco é moi alentadora. Cada vez máis traballan a xornada parcial e o seu peso sobre a ocupación feminina é moi significativo: son o 23% das ocupadas. O traballo a tempo parcial nas mulleres está lonxe de ser unha opción persoal, porque o 63% delas manifiestan que están ocupadas a xornada parcial porque non atoparon un emprego a tempo completo.

Un dos indicadores máis evidentes da precariedade no mercado laboral é o uso e abuso dos contratos temporais: no 2013 só o 5% da contratación inicial rexistrada foi de carácter indefinido. Isto evidencia o claro fracaso da reforma laboral imposta polo Goberno do PP na consecución dunha maior estabilidade laboral.

Canto aos salarios, no ano 2011 (último dato dispoñible da enquisa de estrutura salarial), o salario das mulleres supoñía o 77% do salario dos homes. E entre os anos 2008 e 2011, a fenda salarial aumentou de 4.459 euros a 5.090 euros, o que confirma que a crise está ancheando a desigualdade salarial entre mulleres e homes.

A poboación feminina en risco de pobreza ou exclusión social atangue case unha de cada catro mulleres en Galicia: no 2012, o 23,76% das mulleres galegas estaban nesa situación. Por tramos de idade, as máis expostas son as que teñen entre 16 e 24 anos, cunha taxa do 32,11%, e as menores de 16 anos. O risco de pobreza ou exclusión social aumentou considerablemente na infancia e na adolescencia (é dicir, nas menores de 16 anos), pois pasou do 23,24% no 2011 ao 27,39% no 2012.

